



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 11

Escenas rurais de repetición e movemento

ACT. 11

Escenas rurais de repetición e movemento

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: *A terra*

Autor/a: Manuel Torres (Marín, 1901-1995)

Data: 1970

Técnica: Pintura ao óleo



Esta obra é unha pintura de temática costumista na que se representan diferentes momentos da vida labrega: produción, recolleita e venda no mercado. Torres, a través dunha composición en

varios cuadrantes ou planos de visión, crea unha imaxe dinámica e con ritmo reforzada coa estratexia da repetición, conformando unha narrativa secuencial.

ACTIVIDADE

Actividade de creación dun folioscopio (imaxe en movemento), analizando a temática da obra de Torres.

Para que?

- Representar o mundo rural na actualidade.
- Reflexionar sobre a narrativa secuencial.
- Introducir o debuxo de animación clásico a través da creación dun folioscopio.

Contidos

- Imaxe en movemento.
- Repetición e secuencia.
- A figura humana.
- O mundo rural.

Como se fai?

1.º Actividade de coñecemento:

observación da obra para analizar a súa composición e comprender a estratexia de secuencia e repetición de personaxes para crear unha escena en movemento. Afondar nos planos e na súa colocación dentro do cadro.

2.º Actividade de creación: presentar o folioscopio como un dos instrumentos precinematográficos e unha das maneiras tradicionais para a creación de imaxes animadas. Elaboración persoal do seu propio folioscopio.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

Individual.

Materiais e recursos

Caderno ou bloque de follas para a realización do folioscopio (previamente elaborado), lapis, papel de calco.